

## PROBLEMAS ACTUAIS

A dura época da violencia potenciou a organización indíxena, motivada esencialmente pola defensa dos seus territorios ante o espolio e a colonización.

Pero as súas organizacións afrontan hoxe desafíos múltiples: defensa dos dereitos humanos, que se lles teñen negado baixo a cobertura de consideralos "salvaxes", problemas de seguridade (narco-terrorismo, grupos de Sendero), que obrigan a moitas comunidades a facer vixilancia permanente, sen poder traballar, agudizándose a pobreza, problemas educativos, sanitarios, de desenvolvemento; e, sobre todo, problemas territoriais.

A existencia dos ashaninka e da súa cultura depende esencialmente de que se lle reconozan e respeten legalmente os seus territorios. Grandes extensións do que foron as súas terras, están hoxe adjudicadas a colonos ou compañías diversas (forestais, petroleiras, etcétera). E o espolio segue, xa que os actuais representantes gobernamentais se resisten a titularlle legalmente as que lle quedan.

Os ashaninka seguen a buscar, con valor e intelixencia, o seu propio lugar no complexo mundo de hoxe. Colaborar con eles e facelo cun pobo marxinado e espoliado por querer conservar o seu modo de vida, por preservar a selva. A Fundación Paz e Solidariedade, plenamente de acordo coas orientacións da Organización Internacional do Traballo, considera que os pobos indíxenas, lonxe de seren un residuo do pasado, son unha parte imprescindible do noso futuro común.




Un equipo de cooperantes da **Fundación Paz e Solidariedade**, estivo no territorio dos ashaninka, co obxectivo de establecer relacións directas coas súas organizacións, a fin de realizar proxectos de cooperación.

Contou coa colaboración da **Facultade de Belas Artes de Pontevedra** (Universidade de Vigo) para obter un material gráfico co que poder dar a coñecer os desafíos que enfrenta ese pobo amazónico.

A viaxe foi coordinada pola organización indíxena **ARPI-AIDSESP** e tamén coordinada e cofinanciada por **PRODEV**, un proxecto da Unión Europea destinado a axudar aos indíxenas desprazados pola violencia, e codirixido entón por **Henrique Aller**. Sen a colaboración deste abogado galego, a viaxe non sería nin imaxinable. Desgraciadamente, Henrique Aller faleceu hai escasos meses nun absurdo accidente, ocorrido cando se dirixía a un poboado ashaninka.

A súa querida memoria vai adicada esta exposición.

Senén Murias  
Paz e Solidariedade



C E I D A  
CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

Concello de Oleiros



# TERRITORIO

XOSÉ ABAD - FERNANDO S. CABEZA

# ASHANINKA

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

30 de novembro - 20 de decembro  
no Castelo da illa de Santa Cruz de Oleiros

Horario: luns a venres de 12.00 h a 14.00 h. e de 17.00h a 19.00h





A Selva Central, territorio asháninka, é unha rexión no centro de Perú que ocupa una extensión como vez e media a de Galicia. Forma parte da Amazonía, a maior reserva ecolóxica do planeta: hábitat de multitude de especies animais e vexetais e bosque esencial para a estabilidade climática. Os intereses colonizadores alimentaron a idea de que era un espacio que non pertencía a ninguén, tildando aos seus habitantes orixinarios de 'salvaxes', aos que se podía asasinar, explotar ou espoliar, sen remordimentos de conciencia.

Estes nativos, custodios dun patrimonio universal, manteñen un modo de vida en equilibrio co medio dende hai mais de cinco mil anos. Habitan nas cercanías dos ríos, principais vías de comunicación, e os seus asentamentos dispersos exercen unha cativa presión sobre o medio selvático. Viven da agricultura, da caza, da pesca e da recolección de animais, froitos e materiais da selva.

Os seus mitos cumpren una función conservacionista, e cren na existencia de espíritos tutelares dos animais e dos peixes, que se irritan se a caza ou pesca son excesivas. Na súa cultura, as ideas de cooperación e comunidade son esenciais, realizando moitas tarefas colectivamente.

## A SELVA INVADIDA: OS NATIVOS EXPULSADOS

Dende 1635, os asháninka veñen sufrindo cruentas agresións. Primeiro, foron os misioneiros. Despois, a partir de 1847, a colonización pioneira baseada na forza militar, á que os indíxenas se opuxeron con tenacidade. Foi a época das "correrías", coas que os colonos impulsaron aos amazónicos a cazarse mutuamente, para obter escravos.

A colonización masiva da selva, iniciouse só recentemente, a mediados deste século, disparada pola alza dos prezos do café e pola explosión demográfica peruana. A selva converteuse nun ferreiro de xentes e intereses, de explotacións agrícolas, gandeiras e madeireiras, con efectos devastadores sobre os indíxenas e sobre o fraxilísimo solo selvático. Posteriormente, o cultivo da folla de coca e as prospeccións das multinacionais petroleiras introduciron novas ameazas.

A demografía da Selva Central medrou espectacularmente, en detrimento da presenza nativa. Hoxe día, os aboríxenes representan só a quinta parte da poboación rural da área.



## A VIOLENCIA

Perú é un país pobre e con escandalosas desigualdades sociais e rexionais. Neste contexto naceu Sendero Luminoso, que en 1980 declarou a guerra ao Estado. Anos máis tarde, penetrou na Selva Central.

Entrou así no territorio asháninka esta guerra allea, librada con terrible crueldade, e os indíxenas atopáronse acusados por ambas partes de colaborar co inimigo. Algúns amazónicos apoiaron e apoian voluntariamente a Sendero. Pero a usurpación do territorio, o autoritarismo senderista (estraño á cultura indíxena) e os seus métodos sanguinarios acabaron por gañarlle a animadversión da case totalidade dos nativos.

Os asháninka, reactualizaron a institución do ovayerite (exército asháninka) e expulsaron a Sendero dos seus dominios, cos seus arcos e frechas e coas escasas e obsoletas armas de fogo suministradas polo Exército -que veía e ve con desconfianza aos indíxenas armados-. Morreron entre catro e cinco mil persoas (casi o 10% da etnia), e houberon de desprazarse máis de 10.000, refuxiadas en condicións penosísimas noutras comunidades irmáns superpoboadas.